



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dioruna.es

BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

BASE PRIMEIRA.-OBXECTO DO CONCURSO

O obxecto do presente concurso é convocar un concurso de fotografía para poder elaborar o calendario anual do Concello de Frades.

BASE SEGUNDA.-PARTICIPANTES

Poderán participar todas aquelas persoas interesadas maiores de 16 anos. No caso dos/as menores deberán contar cunha autorización asinada polo pai/nai ou titor/a.

Todo/a participante, polo feito de selo, manifesta coñecer e aceptar as bases de participación.

Cada fotografía deberá levar como título o nome e apelidos do/a participante.

BASE TERCEIRA.- DATAS E ENTREGA

O concurso comezará o día de publicación das bases ata o 25 novembro, sendo esta a data límite para enviar as fotos.

As fotografías deben ser enviadas ao correo electrónico: biblioteca.municipal@frades.gal, poñendo no asunto “Concurso de fotografía - Concello de Frades” e cos seguintes datos: nome e apelidos, DNI, enderezo e teléfono.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diorina.es

BASE CUARTA.-REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO

A temática das fotografías debe ser de paisaxes do Concello de Frades.

Cada participante poderá enviar un máximo de 3 fotografías.

As fotografías deberán ser inéditas, en B/N ou en cor e non poden estar xa seleccionadas ou premiadas en ningún outro certame ou concurso, debendo cumprir os requisitos técnicos indicados nas bases.

A participación é gratuíta.

As persoas participantes serán as únicas e exclusivas responsables da autoría, orixinalidade e contidos das súas fotografías debendo, se fose necesario, contar cos permisos das persoas retratadas.

Os dereitos das fotografías gañadoras pasarán a ser propiedade do Concello de Frades.

O resto das fotografías poderán ser utilizadas polo Concello con mención do/a autor/a sen poder comercializar con elas.

BASE QUINTA.-REQUISITOS TÉCNICOS

A temática debe ser sobre paisaxes do Concello de Frades, podendo incluír persoas pero sempre en segundo plano.

As fotografías serán en horizontal e non deberán ter marcos, bordes, marcas de auga, sinaturas nin pés de foto.

O formato das imaxes debe ser JPG.

Peso máximo do arquivo: 5 MB.

A resolución mínima será de 300 píxeles por polgada.

Non se permite a manipulación nin a alteración dixital das fotografías. Só se admitirán lixeiros axustes.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

BASE SEXTA.-XURADO

O xurado estará formado por tres persoas designadas polo Concello pertencentes ao ámbito da cultura, corporación municipal e ámbito da fotografía.

Entre o 25 de novembro e o 2 de decembro, o xurado emitirá a súa votación da seguinte maneira:

- Establecerase un primeiro filtro para verificar que todas as fotografías cumpran os requisitos técnicos. As que os incumpran serán desbotadas.
- Un segundo filtro preseleccionará un máximo de 20 fotografías atendendo a criterios técnicos e de orixinalidade tendo en conta a temática do concurso.
- O xurado puntuará do 1 ao 10 cada unha das fotografías. As gañadoras serán as 12 fotografías máis puntuadas.

BASE SÉTIMA.-PREMIOS

As fotografías gañadoras serán expostas en cada un dos meses do calendario do Concello de Frades 2022.

Os/as 12 gañadores/as recibirán un premio en metálico de 50€.

As fotografías non gañadoras tamén estarán expostas nas páxinas finais do calendario.